

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 10 DE XULLO DE 1995.-

Na Casa do 1º Concello de Ribadavia o día dez de Xullo de mil novecentos noventa e cinco; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Os membros da Comisión Municipal de Goberno presentes, aproban, por unanimidade o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 3 de Xullo.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.

Non houbo.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Non houbo.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación do Convenio entre o Iltmo. Concello de Ribadavia e o Club Barqueiros do Miño, para a xestión da Escola Municipal de Piragüismo.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-la proposta que de seguido se transcribe, que di: "Solicitar do Instituto Nacional de Emprego o establecemento dun Convenio de Colaboración ó abeiro do Real Decreto 1445/1982, para realizar, por administración directa os traballos de "Reparación Bens Municipais" e "Limpeza de Vías e Espacios Públicos". Declárase expresamente a utilidade social de ámbalas dúas actuacións. A primeira das obras contará un oficial de 2ª (albanel) e dous peóns ordinarios e a segunda contará con dous peóns ordinarios. O persoal procederá do desemprego e estará percibindo prestacións contributivas ou non contributivas no intre da súa selección".

Examinado o expediente de xeración de créditos 1/1995, por importe de 5.845.335 pesetas, destinada á atención necesidades relativas á execución da obra "Axardinamento Entorno Santo Domingo e Castelo"; vistos os informes obrantes no mesmo, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aprobalo nos termos en que está redactada a devandita proposta.

E sendo as sete e cuarto do serán, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.